



DATOS IDENTIFICATIVOS

Medidas de Atención á Diversidade para Alumnas/Alumnos con Necesidades Educativas

Materia	Medidas de Atención á Diversidade para Alumnas/Alumnos con Necesidades Educativas			
Código	O05M138V01203			
Titulación	Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	García Señorán, María del Mar			
Profesorado	García Señorán, María del Mar Ojea Rúa, Manuel Rodríguez Rodríguez, Juan Luís			
Correo-e	msenoran@uvigo.es			
Web	http://http://www.masterdiversidade.com/index.php			
Descrición xeral	A materia Medidas de atención a a diversidade para alumnas/os con necesidades educativas forma parte do módulo Necesidades educativas especiais, e céntrase prioritariamente nos seguintes aspectos: As necesidades educativas do alumnado no currículo; a avaliación psicopedagóxica; o trastorno do espectro autista e os déficits atencionais. Esta materia contribúe a consecución dos obxectivos do máster centrados na adquisición de formación teórica de carácter multidisciplinar no ámbito das necesidades educativas especiais, no estudo de situacións reais en contextos educativos, na análise de experiencias educativas innovadoras, na adquisición do coñecemento necesario para a avaliación das necesidades dos alumnos/as con necesidades educativas especiais e de destrezas para o deseño e posta en práctica de propostas de intervención que contribúan ao avance da súa aprendizaxe			

Competencias

Código	
A3	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüedades.
A4	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe autodirixido ou autónomo que lles permitan continuar estudando ao longo da súa vida.
B2	Coñecer e analizar as situacións reais de diversidade que se poden ver reflectidas nos contextos educativos, tanto formais como non formais, empregando procesos sistemáticos de indagación.
B4	Favorecer a adquisición dos coñecementos e destrezas idóneas para o deseño, posta en práctica e avaliación de propostas de intervención no ámbito da diversidade, ofrecendo novas iniciativas na resolución dos problemas.
C1	Comprender os principios básicos dos grandes ámbitos da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar, sendo capaz de describir e comparar as diferentes correntes teóricas dominantes en cada ámbito da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar
C2	Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as aportacións innovadoras
C3	Ser capaz de analizar prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, detectando puntos fortes e débiles, con especial énfase nas de carácter innovador
C5	Elaborar materiais específicos para traballar coa diversidade, valorando, na medida das posibilidades, a súa aplicación na práctica

C6	Coñecer a lexislación básica referida á diversidade nos contextos educativos e socio-educativos, analizando a súa implicación no exercicio profesional
C11	Coñecer e aplicar procesos de toma de decisións relacionadas co tratamento da diversidade. Ser capaz de discernir as ideas nas que se fundamentan esas decisións, anticipando tamén os seus efectos
C13	Promover unha actitude positiva cara as ideas e as prácticas educativas innovadoras relacionadas coa diversidade
D2	Dominar diferentes estratexias metodolóxicas co propósito de mellorar as condutas profesionais e facilitar a aprendizaxe autónoma, a través do emprego de recursos como os contratos de aprendizaxe, a aprendizaxe baseada en problemas ou o uso de portafolios
D3	Adquirir condutas de respecto e de axuda. Ser sensibles a todo tipo de diversidade
D5	Favorecer o traballo cooperativo, asumindo responsabilidades e aceptando a disparidade de opinións

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Ser competente para arbitrar medidas educativas na atención á diversidade	B2 B4 C2 C3 D3
Ser competentes para realizar traballos en equipo	D5
Empregar recursos tecnolóxicos no ámbito das necesidades educativas	C2 C5 C13
Ser competente para delimitar conceptualmente a atención á diversidade desde a lexislación educativa, establecendo as categorías de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE)	B2 C1 C6 C13 D3
Capacidade para realizar procesos de diagnóstico aos ANEAE	A3 C1 C2 C3 D2 D3
Capacidade para deseñar e aplicar procesos de intervención educativa en ANEAE.	B2 B4 C2 C5 C11 D2
Capacidade para realizar o seguimento da implementación dos programas iniciados nos ANEAE.	B2 B4 C11 C13
Ser competente no coñecemento dos Trastornos de Espectro Autista, diagnóstico e intervención educativa	B2 B4 C1 C2 C6 C11 D2
Ser competente no coñecemento do Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade, diagnóstico e intervención educativa	B2 B4 C1 C2 C6 C11 D2
Elaborar materiais específicos para traballar cos ANEAE	A4 C5
Establecer os mecanismos de avaliación do proceso educativo implementado e canalizar propostas de mellora	C2 C3

Contidos

Tema

MEDIDAS CURRICULARES E ORGANIZATIVAS NO ÁMBITO ESCOLAR	CONCEPTUALIZACIÓN DA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ESCOLARIZACIÓN DOS ALUMNOS CON NEE MEDIDAS CURRICULARES NO ÁMBITO ESCOLAR MEDIDAS ORGANIZATIVAS NO ÁMBITO ESCOLAR
A AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA	TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA ELABORACIÓN DUN INFORME PSICOPEDAGÓXICO
INTERVENCIÓN PSICOEDUCATIVA EN ESTUDANTES CON DÉFICIT DE ATENCIÓN	O PROCESO ATENCIONAL. FACTORES DETERMINANTES. DÉFICITS DA ATENCIÓN O TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDADE. DIFICULTADES PERSOALES E ESCOLARES. AVALIACIÓN E INSTRUMENTOS PARA O DIAGNÓSTICO DO TDAH INTERVENCIÓN PARA A MELLORA DO PROCESO ATENCIONAL ANÁLISE DE PROGRAMAS
INTERVENCIÓN PSICOEDUCATIVA EN ESTUDIANTES CON TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA	TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA MODELOS EXPLICATIVOS DIAGNÓSTICO DO ESPECTRO AUTISTA PROGRAMAS PSICOEDUCATIVOS EN ESTUDIANTES CON TEA INTRODUCCIÓN AOS MECANISMOS DE INTERVENCIÓN SISTÉMICA PSICO-SOCIO-EDUCATIVO E MÉDICO PSIQUIÁTRICA EN PERSOAS CON TEA

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	7	10	17
Seminario	6	0	6
Estudo de casos	7	10	17
Resolución de problemas	3	0	3
Traballo tutelado	9	24	33
Traballo	0	30	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte dos docentes dos contidos sobre a materia, bases teóricas e/o directrices das actividades e traballos a desenvolver polos estudantes
Seminario	Entrevistas que o estudante mantén co profesorado da materia para o asesoramento/desenvolvemento das actividades/traballo da materia
Estudo de casos	Actividades de aplicación dos coñecementos adquiridos á análise de casos concretos. Coñecemento e valoración dos sistemas de avaliación e intervención para alumnos/as con necesidades educativas especiais
Resolución de problemas	Realización de actividades de tipo práctico
Traballo tutelado	O estudante realiza actividades, exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesorado

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Proporcionaranse orientacións para o desenvolvemento das actividades/traballo da materia e resolveranse as dúbidas expostas
Resolución de problemas	Supervisión e orientación das actividades de tipo práctico

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Seminario	Actividade de módulo	10	A3 A4	B2 B4	C1 C2 C3 C5 C6 C11 C13	D2 D3

Traballo tutelado	Análise de casos concretos. Valoración actividades de aula. Coñecemento e valoración dos sistemas de avaliación e intervención para alumnos/as con necesidades educativas especiais. Confección de portafolios. Realización de actividades, exercicios ou proxectos na aula baixa as directrices e supervisión do profesorado	60	A3 A4	B2 B4	C1 C2 C3 C5 C6 C11 C13	D2 D3 D5
Traballo	Realización de traballos realizados autonomamente, titorizados polos docentes	30	A3 A4	B2 B4	C1 C2 C3 C5 C6 C11 C13	D2 D3 D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose aprobadas nese curso académico.

O alumnado que non supere a materia por avaliación continua (obrigatorio asistir polo menos a 4 das 6 sesións) terá unha proba de avaliación, ao redor dos contidos nucleares da materia, coa data tope que marque o calendario do mestrado para os exames oficiais.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para educadores en exercicio que acrediten un horario incompatible coas clases presenciais; en todo caso, garantindo a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento.

A avaliación para os nos asistentes consistirá nunha proba que suporá o 100% da puntuación, os seus pormenores e características serán concretadas polo profesorado o día da presentación da materia e cando se faga a consulta persoalmente. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi, denominado "Alumnado non asistente" no que se presentarán os detalles da mesma.

As datas dos exames oficiais poden consultarse na web do Mestrado: <http://masterdiversidade.webs.uvigo.es/gl/>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Álvarez, L., González-Castro, P., Soler, E., González-Pienda, J.A. y Núñez, J.C. (Coord.), **Aprender a atender (un enfoque aplicado)**, CEPE, 2004

American Psychiatric Association, **Diagnosics and Statistics Manual of Mental Disorders: DSM-5**, 5ª, American Psychiatric Association., 2013

Bogdashina, O., **Percepción sensorial en el autismo y Síndrome de Asperger. Experiencias sensoriales diferentes, mundos perceptivos diferentes.**, Autismo Ávila, 2007

Frith, U., **Autismo. Hacia una explicación del enigma**, Alianza Editorial, 2004

Galve, J. L. e Ayala, C. L., **Evaluación e informes psicopedagóxicos.**, CEPE, 2001

Iglesias Cortizas, M. J., **Diagnóstico escolar. Teorías, ámbitos y técnicas.**, Pearson, 2006

Moreno, I., **Hiperactividad infantil: guía de actuación**, Pirámide, 2007

Ojea, M., **Trastorno del espectro autista: Procesamiento de la información perceptivo-cognitivo mediante la creación de redes semánticas.**, Pirámide, 2018

Orjales, I., **Déficit de atención con hiperactividad: manual para padres y educadores.**, CEPE, 2006

Riart, J., **Manual de tutoría y orientación en la diversidad**, Pirámide, 2007

Rodríguez Rodríguez, J. L., **Manual de Modelos de Orietnación e Intervención Psicopedagóxica en Galicia**, Tórculo Edicións., 2007

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).
